




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

MOCIÓN SOBRE ADHESIÓN AO CÓDIGO ÉTICO E BO GOBERNO

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de motivos:

O concepto de Bo Goberno funde as súas raíces no concepto de boa gobernanza. Así pola maioría da doutrina se entende por Bo Goberno, aquel que promove institucións formais (normativizadas e regulamentadas) e informais (lógicas do apropiado en cada organización pública) que fomentan a transparencia, a rendición de contas, a eficacia, a coherencia, a participación, a integridade e a obxectividade ou imparcialidade no servizo ao interese xeral.

No actual contexto económico, social e político a cidadanía manifesta un profundo grado de desconfianza a respecto da política, as institucións e os responsables públicos. Hoxe mais que nunca faise imprescindible afondar na democracia, restablecer o valor da política e recuperar a confianza da veciñanza, intensificando e exteriorizando de xeito efectivo os valores públicos, os estándares de conduta e unha actitude ética dos cargos públicos e directivos locais.

O Concello de Allariz debe seguir percorrendo e profundando nesta andaina da mellora constante no Bo Goberno. Unha aposta clara e rotunda pola adhesión ao Código do Bo Goberno que comezou o seu percorrido no Congreso dos Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, alá pola ano 1999.

Un Código do Bo Goberno que ten por obxecto o establecemento dos principios a respectar no desempeño das responsabilidades políticas de goberno e administración, así como as de dirección e xestión local, fixando os compromisos que reflicten os estándares de conduta recomendados e reforzando a calidade democrática da nosa institución municipal. Como obxectivos específicos hai que sinalar as seguintes:

- A integración da dimensión ética no funcionamento da entidade local.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

- Incorporación de estratexias de actuación para a consecución dunha democracia real e efectiva, a través da participación cidadá e o goberno aberto.
- Definición clara das liñas básicas que deben presidir a xestión pública local.
- Reforzo dos estándares de conduta no exercicio das responsabilidades públicas.
- Delimitar as pautas para as axeitadas relacións entre os campos de goberno e administración, normalizando as relacións persoais internas.

Os suxeitos destinatarios do Código de Bo Goberno deberán axustar a xestión aos intereses públicos e o desenvolvemento da democracia participativa, a realización efectiva do goberno aberto e os seus principios de transparencia, participación e colaboración cidadá, como mínimo nos termos da normativa vixente en cada momento, e nunha xestión orientada de cara a cidadanía. Para a consecución dos obxectivos planeados, a actuación municipal ten que estar orientada ao cumprimento dos seguintes principios, que son un paso máis aló do estrito cumprimento da lexislación vixente:

- Sentido da responsabilidade e da imparcialidade.
- Vontade de servizo público, exercendo as competencias locais baixo os estándares de mellor servizo cidadán, proximidade e subsidiariedade.
- Transparencia e publicidade.
- Eficacia, economía, eficiencia, satisfacción do interese xeral, así como a racionalización e optimización dos recursos públicos.
- Dedicación plena as súas funcións: incompatibilidades.
- Incorporar a actuación valores como a inclusión social de colectivos desfavorecidos, a tolerancia e o fomento da diversidade, a loita contra o cambio climático, a ordenación racional e sostible do territorio, garantindo o principio de igualdade e o equilibrio territorial no acceso aos servizos públicos.

A estrutura do Código do Bo Goberno a implementar no noso Concello xira ao redor dos seguintes piares:

- Ámbito obxectivo e subxectivo.
- Principios do Bo Goberno Local.
- Estándares de conduta para a mellora da democracia local.
- Compromiso ético en materia de conflito de intereses.
- Réxime de incompatibilidades e retribucións.
- Goberno e administración: relacións entre cargos electos e empregados públicos.
- Medidas para a mellora da democracia participativa.
- Marco para a participación cidadá 2.0.
- Aprobación do Código do Bo Goberno.
- Avaliación constante e seguimento.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Un paso máis na folla de ruta da transparencia é dotar a nosa entidade local dun código de Bo Goberno, que esixe a asignación individualizada desta responsabilidade co gallo de garantir o cumprimento dos seus obxectivos. Asemade o órgano e persoal responsable de dita función, adoptará cantas actuacións fosen precisas para garantir a axeitada difusión e coñecemento do mesmo, con especial incidencia en asegurar o seu coñecemento pola veciñanza, a súa incorporación ao ordenamento xurídico local e a máxima difusión entre os axentes sociais, económicos e culturais do municipio.

Por todo canto queda exposto e co ánimo de seguir percorrendo o camiño da transparencia e participación encetado, veño a propor ao Pleno da Corporación de Allariz a adopción do seguinte,

ACORDO:

O Pleno do Concello de Allariz manifesta a súa vontade de adhesión ao Código Ético e de Bo Goberno incluído no Plan de Transparencia e Bo Goberno da Fegamp, de acordo co seu procedemento de adhesión, e cumprir o seu articulado.

Allariz, 9 de Marzo de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdeG-PSOE de Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-